

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

3331 Orde AAA/478/2013, do 25 de marzo, pola que se modifican parcialmente os anexos III e IV, as datas e os prazos que contén o Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio ao sector vitivinícola español.

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio ao sector vitivinícola español, desenvolveu a aplicación de tales medidas de apoio, que se recollen na Organización Común de Mercado Vitivinícola integrada no Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), modificado mediante o Regulamento (CE) n.º 491/2009 do Consello, do 25 de maio.

O Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño de 2008, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo aos programas de apoio, ao comercio con terceiros países, ao potencial produtivo e aos controis no sector vitivinícola, dispuxo a primeira presentación de programas de apoio referidos aos cinco exercicios financeiros de 2009 a 2013. Posteriormente, o Regulamento de execución (UE) n.º 568/2012 da Comisión, do 28 de xuño de 2012, que modifica o Regulamento (CE) n.º 555/2008, no que respecta á presentación de programas de apoio no sector vitivinícola, dispón que os Estados membros deben presentar o seu novo proxecto de programa de apoio á Comisión, como máis tarde, o 1 de marzo de 2013, para os exercicios financeiros de 2014 a 2018.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño 2008, establece que para os exercicios financeiros de 2009 a 2013 os programas poderán ter unha duración máxima de tres anos por beneficiario e país, non obstante, poderán ser prorrogados unha soa vez por un período non superior a dous anos.

O dito regulamento foi modificado polo Regulamento de execución (UE) n.º 202/2013 da Comisión, do 8 de marzo de 2013, que modifica o Regulamento (CE) n.º 555/2008 no que atinxe á presentación de programas de apoio no sector vitivinícola e aos intercambios comerciais con terceiros países, de forma que aqueles beneficiarios que executaron programas nun mesmo país durante os 5 anos do primeiro programa de apoio poderán seguir accedendo ás axudas neste segundo período de programación, xa que o novo regulamento establece que a duración máxima se aplicará para cada período de programación, de forma que ningún beneficiario se vexa excluído das axudas.

Porén, no mesmo regulamento establécese tamén que é importante estimular a apertura de novos mercados en terceiros países e inclúese a obriga de dar prioridade a aqueles beneficiarios que non recibiron axuda no pasado ou a aqueles que teñan como obxectivo un novo terceiro país, polo que será necesario establecer un novo criterio de avaliación dos programas para priorizar os ditos beneficiarios.

Por outra parte, o Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, establece no seu artigo 8.1 que os interesados deben presentar as súas solicitudes antes do 1 de marzo de cada ano e, no seu artigo 9.2, que as comunidades autónomas enviarán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a lista provisional de programas seleccionados priorizados antes do 1 de abril. Tendo en conta que as comunidades autónomas deben recoller estas novas exixencias nas convocatorias correspondentes a este ano convén atrasar eses prazos e datas para que se dispoña do tempo suficiente para realizar as

correspondentes convocatorias e valoracións dos programas de forma que se alcance unha mellor xestión da medida e ningún beneficiario se vexa excluído das axudas.

Procede, por tanto, modificar o Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para aprazar as datas relativas á presentación de solicitudes e ao envío por parte das comunidades autónomas da lista provisional de programas seleccionados priorizados, de forma excepcional para este exercicio, e para adaptar os seus anexos co obxecto de dar prioridade a aqueles beneficiarios que non recibiron axuda no pasado ou que teñan como obxectivo un novo terceiro país.

Esta orde dítase ao abeiro da disposición derradeira segunda do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, que facultaba o entón ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, hoxe ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para modificar os seus anexos de acordo coa normativa comunitaria, así como para modificar as datas e os prazos contidos na norma.

No procedemento de elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio ao sector vitivinícola español, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo parágrafo no número 1 do artigo 8, co seguinte texto:

«Para o ano 2013, a data de presentación será, como máis tarde, o 15 de maio.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo no número 2 do artigo 9, co seguinte texto:

«Para o ano 2013, as comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a información prevista no primeiro parágrafo antes do 15 de xuño.»

Tres. No anexo III engádesse un novo número 4.6, co seguinte contido:

«4.6 Executouse o programa 5 anos nun mesmo país de destino?»

Catro. O anexo IV modifícase da seguinte maneira:

1. Engádesse un novo número 6, co seguinte contido:

«6. Novo destino:

Programas presentados por novos beneficiarios ou que teñan como obxectivo un novo país	25 puntos
Valoración total xeral	125 puntos.»

2. Engádesse unha sexta nota aos criterios de valoración propostos, co seguinte contido:

«6. Novo destino: a puntuación repartirase de forma proporcional á porcentaxe de orzamento destinada a novos países, correspondendo os 25 puntos só aos programas en que estes destinos supoñan o 100 % do orzamento.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de marzo de 2013.—O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.